

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025060881
ASUNTO	Programa Vive o Rural 2026
TRÁMITE	Resolución presidencial pola que se resolve a 3ª concesión de subvencións a centros educativos e anpas

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS**

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno núm. 2.35763, adoptado en sesión ordinaria do 14 de novembro de 2025, aprobouse a convocatoria do programa “Vive o Rural”, publicándose as bases reguladoras no BOPPO núm. 225, do 24 de novembro de 2025, así como na BDNS. O prazo de presentación de solicitudes comezou o 1 de decembro de 2025 e permanecerá aberto durante o período de vixencia da convocatoria, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Segundo. Tal e como se prevé na convocatoria, a concesión das axudas realizase en réxime de concorrencia non competitiva ata o esgotamento do crédito dispoñible.

As solicitudes resolveranse por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra, de acordo coas seguintes regras:

- Naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, entenderase por rexistro de entrada a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.
- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade solicitada, o crédito esgotarase nela coa cantidade de axuda que resulte, sempre que o centro educativo o acepte de xeito expreso, logo da súa comunicación polo Servizo de Xuventude e Reto demográfico.

As solicitudes que, cumprindo todos os requisitos, non poidan ser atendidas por esgotarse o crédito, formarán parte dunha lista de agarda, que se utilizará para asignar novas axudas, en caso de que houbese renuncias e polo tanto crédito adicional dispoñible.

Terceiro. A contía total máxima destinada a este convocatoria é de 80.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02.

O importe máximo da subvención por entidade é 1.250,00 €.



O importe máximo que se subvencionará por alumna ou alumno é de 25,00 €, cun límite de 50 escolares por centro ou anpa, agás nos centros que cumpran os seguintes requisitos, nos que o importe máximo que se subvencionará será de 40,00 €:

- Ter menos de 50 alumnas e alumnos matriculados no global do centro.
- Máximo de 30 alumnas e alumnos participantes na actividade.

Cuarto. Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan ao obxecto do programa, que resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e financien actividades desenvolvidas durante os períodos lectivos comprendidos entre os meses de xaneiro a maio e de setembro a decembro de 2026, excluídos os períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa. As axudas deberán destinarse a financiar:

- a) O custo da entrada ás granxas escola para o desenvolvemento dunha saída ambiental dun día. As actividades fundamentaranse na participación activa do alumnado no seu propio proceso formativo, na interacción co medio, na cooperación e nas relacións interpersoais. Terán contidos e procesos de aprendizaxe construtivos adaptados, cun carácter eminentemente práctico. Este custo pode incluír a comida na granxa escola.
- b) Os gastos de desprazamento en transporte colectivo de ida e volta entre o centro docente e a granxa escola para realizar visitas de educación ambiental.

Quinto. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2026, adoptou o acordo núm. 13.36174, polo que se concedeu subvencións a centros educativos e anpas do programa Vive o Rural 2026, por un importe total de 70.874,50 €.

Así mesmo, por resolución presidencial (RP) núm. 2026002821, de data 10 de abril de 2026, concedeuse subvención aos centros e anpas que presentaron solicitude con data posterior á primeira concesión, por un importe total de 2.350,00 €.

Coa primeira e segunda concesión de subvencións non se esgotou o crédito dispoñible na convocatoria, polo que o prazo de presentación de solicitudes permanece aberto ata esgotar o mesmo. O crédito dispoñible ascende a un total de 6.775,50 €.

Sexto. Con data 26 de xuño de 2026, núm. de rexistro WEB2026052985, Susana Espiño Brey (NIF: ***8187**), mestra responsable da EEI de Lantaño, presenta escrito de renuncia á subvención concedida de importe de 440,00 €.

Por Acordo da Xunta de Goberno núm. 15.376602, de data 28 de agosto de 2026, apróbase a aceptación de dita renuncia, polo que ao crédito restante engádese dito importe o que supón un total de 7.215,50 €.



Sétimo. Con posterioridade a ditas concesións de subvención, presentaron solicitude de participación no programa Vive O Rural 2026 os seguintes 6 centros:

Nº	Nº de rexistro ou emenda	Expte.	Entidade solicitante	NIF	Concello	Curso	Granxa escola
1	WEB2026049599	2026047891	CEIP Nosa Señora das Dores	Q8655033B	Forcarei	Primaria	Kiriko
2	WEB2026050461	2026048306	IES de Valga	S3600008A	Valga	ESO	Fervenza
3	WEB2026050764	2026048922	CEIP Fontes Baiña	S8600034F	Baiona	Infantil	Cor. Carballo
4	WEB2026051696	2026048703	IES A Basella	Q8655500J	Vilanova de Arousa	ESO	Fervenza
5	WEB2026054096	2026052295	CRA de Valga	Q3600358J	Valga	Infantil	Serantellos
6	WEB2026057373	2026049584	CEIP Plurilingüe II	Q8655124I	Tui	Primaria	Cor. Carballo

As solicitudes foron tramitadas polo Servizo de Xuventude e Reto demográfico por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra, e de acordo coas regras establecidas na base décima da convocatoria.

O importe total solicitado por estas entidades ascende a **6.800,00 €**, cantidade que non supera o crédito restante dispoñible na convocatoria, que é de **7.215,50 €**.

Oitavo. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas recollidas no artigo 11 da LSG, así como coas establecidas na base décimo primeira da convocatoria, entre as que se recollen:

- Comunicarlle, cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles, os datos da visita ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo electrónico xuventudereto@depo.es.
- Realizar unha publicidade adecuada do carácter público do financiamento recibido. As medidas de difusión poderán consistir en carteis, publicacións impresas, contidos para redes sociais, entradas en páxinas web ou calquera outro medio que permita constatar a veracidade da difusión que, en todo caso, deberá incluír a imaxe identificativa do programa, a cal estará dispoñible en www.depo.gal.
- Presentar a xustificación da subvención na forma e no prazo indicado na convocatoria.

O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución completa da actividade.



Noveno. Con data 9 de setembro de 2026, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme respecto da proposta presentada pola xefa do servizo (CSV: 9I66TGBY9Z9BGHSN) de data 31 de agosto de 2026, respecto á 3ª concesión de subvencións ás seis entidades relacionadas como beneficiarias no documento que figura asinado no expediente co (CSV: DOI6SDY6XLCQB3QF, con cargo á aplicación 26/233.2310.480.02 do orzamento provincial.

O crédito dispoñible nesta convocatoria é de 7.215,50 € (tras a 1ª e 2ª concesión de subvencións, por importe total de 73.224,50 €, e de unha renuncia por importe de 440,00 €), polo que tendo en conta o establecido na base 10ª, a convocatoria seguirá aberta ata esgotar o restante crédito dispoñible (415,50 €).

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

Primeiro. Conceder subvención, polo importe que se indica, ás seguintes entidades:

N	Nº de rexistro ou emenda	Expte	Entidade solicitante	NIF	Concello	Granxa escola	Nº alum	Importe subv. total	Importe subv. unit.
1	WEB2026049599	2026047891	CEIP Nosa Señora das Dores	Q8655033B	Forcarei	Kiriko	50	1.250,00 €	25,00 €
2	WEB2026050461	2026048306	IES de Valga	S3600008A	Valga	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
3	WEB2026050764	2026048922	CEIP Fontes Baiña	S8600034F	Baiona	Cor. Carballo	44	1.100,00 €	25,00 €
4	WEB2026051696	2026048703	IES A Basella	Q8655500J	Vilanova de Arousa	Fervenza	50	1.250,00 €	25,00 €
5	WEB2026054096	2026052295	CRA de Valga	Q3600358J	Valga	Serantellos	50	1.250,00 €	25,00 €
6	WEB2026057373	2026049584	CEIP Plurilingüe II	Q8655124I	Tui	Cor. Carballo	28	675,50 €	24,13 €



O importe total destas subvencións ascende á cantidade de **6.800,00 €**, e serán aboadas con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02 do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.

Segundo. Publicar o acordo de concesión na Sede electrónica da Deputación e na páxina web, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da LPACAP.

Coa concesión destas subvencións non se esgota o crédito dispoñible nesta convocatoria, polo que o prazo de presentación de solicitudes seguirá aberto ata esgotar o mesmo, que ascende a un total de 415,50 €.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

